

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

###### *BASES REGULADORAS DO PONTEGAL 2019*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 10 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

##### **BASES REGULADORAS DO PONTEGAL 2019**

###### **Primeira. Obxecto**

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cultura e Lingua, no seu afán de impulsar e fomentar a cultura popular en lingua galega nas múltiples e variadas expresións artísticas, en colaboración cos concellos, as agrupacións, as entidades e as asociacións culturais, pon en marcha o “Pontegal” 2019. A través deste programa serán retribuídos os grupos da provincia polas actuacións autorizadas e realizadas ao longo do ano 2019 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra coas contías establecidas para este fin na base 9.<sup>a</sup> e que se imputarán con cargo ás aplicacións 19/330.3340.462.80 e 19/330.3340.489.80 do Orzamento provincial por un importe total de 750.000,00 €, que poderá ser ampliado en función das solicitudes e a dispoñibilidade orzamentaria.

###### **Segunda. Entidades destinatarias**

Poderán solicitar a inclusión no “Pontegal” as bandas de música, masas corais, grupos folclóricos, grupos de gaitas, bandas de gaitas, agrupacións de música tradicional, de música clásica ou de teatro, entre outras, co fin de contribuír a difundir e promover a música, o folclore, o teatro, a danza, o audiovisual e as demais manifestacións artísticas.

###### **Terceira. Clasificación**

As agrupacións incluídas no “Pontegal” clasificaranse en:

1. Bandas de música que teñan:
  - a) un mínimo de 65 membros e escola de música
  - b) un mínimo de 50 membros
  - c) un mínimo de 35 membros ou bandas das escolas de música oficiais



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

2. Masas corais que teñan:

- a) un mínimo de 50 membros
- b) un mínimo de 30 membros

3. Grupos folclóricos que teñan:

a) 30 membros, grupo instrumental propio e escola de baile e que acrediten documentalmente que realizan actividades de investigación ou etnografía, entre outras

- b) 20 membros, grupo instrumental propio e escola de baile
- c) 16 membros e grupo instrumental propio

4. Teatro

a) Compañías profesionais que cumpran co I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (grupo A)

b) Compañías profesionais que cumpran co I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (grupo B)

c) Compañías non profesionais (grupo C)

5. Música clásica

- a) Grupo A: grupos de cámara
- b) Grupo B: solistas, dúos, tríos, cuartetos e quintetos
- c) Bandas de jazz
- d) Orquestras clásicas

6. Música tradicional

Bandas de gaitas, grupos de gaitas, grupos folk, pandeireteiras e rondallas

7. Outros grupos

Animación infantil, audiovisuais, ballet, baile moderno, conferenciantes, cantautoras e cantautores, charangas, grupos musico-vocais, grupos de playback, grupos pop-rock, humoristas, majorettes, maxia, outros folclores e poetas.

#### **Cuarta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

A presentación electrónica será obrigatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores, segundo o previsto no artigo 14.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se algunha destas persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de métodos de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 18 de xaneiro de 2019.

### **Quinta. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **Sexta. Documentación**

Para seren incluídas neste programa as agrupacións interesadas presentarán a seguinte documentación:

*Documentación xeral:*

- a. Certificación da conta bancaria
- b. Relación nominal de compoñentes co seu número de DNI



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

c. Fotografía da agrupación en soporte dixital con formato JPG

d. Memoria explicativa da actividade que desenvolven, na que se incluírán as necesidades técnicas precisas e a contía económica de cada actuación (caché). O caché estará suxeito a que o comprobemos os órganos competentes desta Deputación

e. Acta de constitución das agrupacións que carezan de NIF. Esta acta deberá estar asinada polas persoas que compoñen a agrupación e na que constará a designación da persoa representante

*Documentación específica:*

- Bandas de música:
  - A relación do alumnado e a do profesorado da escola de música
- Grupos folclóricos:
  - A relación nominal das persoas que compoñen o grupo folclórico co seu número de NIF
  - A relación nominal das persoas que compoñen o grupo instrumental co seu número de NIF
  - A relación do alumnado da escola de baile
  - Para os grupos folclóricos que teñan máis de 30 membros (grupo A) acreditación documental de realizar actividades de investigación ou etnografía, entre outras
- Teatro:
  - Memoria para ser valorada, que incluírá:
    - O caché do grupo, que se valorará ata un máximo de 30 puntos
    - O custo da montaxe, que se valorará ata un máximo de 30 puntos
    - Unha proposta da programación (obras que se representarán), que se valorará ata un máximo de 10 puntos
    - A relación das altas de actores e actrices, así como do equipo técnico, que se valorará ata un máximo de 30 puntos
- Declaración xurada de cumprimento co establecido no I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia

A Deputación poderá adoptar as medidas oportunas de comprobación e auditoría dos datos achegados.

- Conferenciantes:
  - Título acreditativo da materia que se vai impartir
  - Memoria explicativa das materias sobre as que poden impartir as conferencias, que deberán estar relacionadas coa titulación e coas publicacións, tendo en conta que para seren incluídas nesta epígrafe as persoas interesadas deberán contar con titulación media ou superior e teren publicacións, bibliográficas e/ou audiovisuais, sobre a temática en revistas científicas, o que se deberá acreditar documentalmente



As temáticas admitidas son: memoria histórica, historia, etnografía, sociolingüística e arte (música, pintura, escultura, literatura, arquitectura, danza, teatro, cinema, audiovisual e banda deseñada).

A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas suxeitas a ela. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

### **Sétima. Selección**

O Servizo de Cultura e Lingua levará a cabo a selección e a inclusión dos grupos solicitantes. Este servizo poderá asesorarse a través dos informes tanto do persoal técnico coma de profesionais especialistas en cada unha das materias que avalían os expedientes para os efectos de clasificación, propoñéndolle ao órgano competente a súa aprobación definitiva.

### **Oitava. Publicacións de actos**

Os grupos excluídos e admitidos no programa "Pontegal" 2019 publicaranse no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP .

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

## Novena. Retribución

A Deputación retribuirá cada actuación cos seguintes importes e o resto do importe do caché, de ser o caso, aboaro a entidade solicitante:

Tipo de grupo	Importe	Tipo de grupo	Importe
Animación infantil	210,00 €	Grupos folclóricos (c)	200,00 €
Audiovisuais	240,00 €	Grupos de folk	300,00 €
Baile moderno	210,00 €	Grupos músico-vocais	210,00 €
Ballet	240,00 €	Humoristas	210,00 €
Bandas de gaitas	270,00 €	Majorettes	210,00 €
Bandas de jazz	300,00 €	Masas corais (a)	270,00 €
Bandas de música (a)	600,00 €	Masas corais (b)	240,00 €
Bandas de música (b)	500,00 €	Maxia	300,00 €
Bandas de música (c)	450,00 €	Orquestras clásicas	350,00 €
Cantautoras/es	210,00 €	Outros folclores	210,00 €
Charangas	210,00 €	Pandeireteiras	240,00 €
Clásicos (a)	240,00 €	Poetas	210,00 €
Clásicos (b)	210,00 €	Pop-rock	300,00 €
Conferenciantes	150,00 €	Rondallas	240,00 €
Grupos de gaitas	200,00 €	Teatro (grupo A)	800,00 €
Grupos de playback	210,00 €	Teatro (grupo B)	500,00 €
Grupos folclóricos (a)	270,00 €	Teatro (grupo C)	375,00 €
Grupos folclóricos (b)	240,00 €		

No cómputo xeral de actuacións autorizadas a cada un dos grupos, a contía total non superará o límite máximo establecido no artigo 118 da Lei de contratos do sector público (LCSP).

## Décima. Solicitudes das actuacións

As entidades solicitantes poderán ser concellos, agrupacións e asociacións sen ánimo de lucro; as ANPAS quedan expresamente excluídas. Como organizadoras dos actos, débense poñer en contacto coas agrupacións acollidas a este programa para concretar a data da actuación, coñecer as condicións e facilitarlles o concerto ou a posta en escena da obra. Os grupos disporán dun escenario ou marco adecuado para que poidan efectuar a súa actuación sen ningún impedimento.

As solicitudes para as actuacións destes grupos presentaranse cunha antelación de máis de 30 días con respecto á data da súa realización. O Servizo de Cultura e Lingua informará da autorización do evento cunha antelación mínima de 15 días.

As entidades ás que se lles autoricen actuacións con cargo a "Pontegal" están obrigadas a facer a publicidade das actividades en lingua galega, empregar unha linguaxe non sexista e introducir o logo do Pontegal 2019-Deputación de Pontevedra nun lugar visible; de non ser así quedarían excluídas da axuda.



Luns, 17 de decembro de 2018

Núm. 241

Tamén será responsabilidade das entidades solicitantes a obtención de todos os permisos e autorizacións necesarias para o bo desenvolvemento da actuación, así como o aboamento das taxas da SGAE, cando corresponda.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes, a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

### **Décimo primeira. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas representantes

No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### **Décimo segunda. Documentación**

As solicitudes de actuacións deberán achegar coa solicitude de iniciación na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- Publicidade en galego do evento

### **Décimo terceira. Obrigas das agrupacións**

As agrupacións seleccionadas comprométense a desenvolver as actuacións que lles asigne a Deputación nos distintos municipios e centros culturais da provincia, e soamente nos casos de forza maior debidamente xustificadas quedarán exentas de realizalas. Tamén se comprometen a velar por que as entidades solicitantes inclúan a publicidade das actividades en lingua galega, empregando linguaxe non sexista e co logo do Pontegal 2019-Deputación de Pontevedra nun lugar visible.



### **Décimo cuarta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “Instancia xenérica” dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas suxeitas a ela. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta Lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, se terá por desistido da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

As comunicacións das autorizacións para a realización dos eventos realizaranse preferentemente por medios electrónicos nos lugares indicados aos efectos de notificación recollidos no formulario de iniciación polas persoas interesadas.

### **Décimo quinta. Pagamento**

O pagamento das actuacións efectuarase unha vez acreditada a súa realización no modelo oficial de factura, facilitado polo Servizo de Cultura e Lingua, debidamente cuberto e coa conformidade do organismo, asociación ou entidade beneficiaria. A factura presentarase no prazo máximo de 30 días, contados a partir da data da súa realización ou da data da comunicación da autorización da actuación, se xa foi realizada. Ademais da correspondente factura deberá incluírse unha copia do cartel da actividade ou unha captura de pantalla, se é en formato dixital, para comprobar a súa realización e a correcta publicidade do evento.

Para tramitar as facturas das diferentes agrupacións estas deberá emitilas a persoa titular que figura no NIF facilitado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e deberán estar asinadas pola persoa que solicitou a actuación ou pola persoa representante da entidade solicitante, debidamente acreditada.

As e os solistas e máis as agrupacións representadas por persoas individuais practicarán na factura a retención do IRPF, aplicable segundo a lexislación vixente (R. d. l. 3/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas) e a lexislación de desenvolvemento.

Aquelas entidades ou agrupacións que presenten factura electrónica deberán achegar así mesmo o certificado acreditativo da realización da actuación asinado pola entidade peticionaria desta e unha copia do cartel publicitario no que figure o logotipo do “Pontegal”.





### Décimo sexta. Adxudicación das actuacións

A adxudicación das actuacións apostará polo equilibrio territorial e pola diversificación das categorías na repartición de fondos e determinarase aplicando os seguintes criterios:

- Actividades de dinamización da lingua galega (ata 30 puntos):
  - Actuacións para a infancia: 30 puntos
  - Actuacións en premios, distincións ou conmemoracións da lingua: 20 puntos
  - Actuacións para público xeral: 10 puntos
- Programas de carácter social (ata 30 puntos):
  - Actuacións que aposten pola igualdade de xénero: 30 puntos
  - Actuacións destinadas a colectivos con diversidade funcional: 20 puntos
  - Actividades de carácter solidario: 10 puntos
- Interese supramunicipal (ata 20 puntos):
  - Festas declaradas de Interese Turístico Internacional/Nacional/Galego: 15 puntos
  - Actividades enmarcadas en eventos de carácter internacional: 10 puntos
  - Actividades englobadas en programas que agrupen varios concellos: 5 puntos
- Duración da actividade (ata 10 puntos):
  - Actuacións inseridas en programacións que superen tres xornadas: 10 puntos
  - Actuacións inseridas en programacións entre dúas e tres xornadas: 5 puntos
  - Actuacións dunha soa xornada: 3 puntos
- Público destinatario (ata 10 puntos)
  - Actuacións abertas ao público xeral sen aforo (exteriores): 10 puntos
  - Actuacións abertas ao público xeral con aforo limitado: 8 puntos
  - Actuacións para o público específico: 3 puntos

O importe máximo das actuacións autorizadas establécese nos seguintes tramos:

- Actividades englobadas en programas de dinamización do galego de concellos e asociacións: ata 1.600 euros por actividade
- Actividades englobadas en programas de fomento da igualdade entre mulleres e homes e en eventos de carácter social con colectivos en risco de exclusión: ata 1.500 euros por actividade
- Resto de actividades: ata 1.200 euros por actividade

### Décimo sétima. Vixencia

O "Pontegal" terá vixencia durante todo o ano 2019 e estará condicionado á existencia de consignación orzamentaria.



**Décimo oitava. Órgano de aprobación**

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2018 o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

**Décimo novena. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

**Vixésima. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que as e os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

**Vixésimo primeira. Normativa supletoria**

Para o non establecido nestas bases teranse en conta as de execución do Orzamento provincial.

